


ROTEIRO LITERARIO DE “A ESMORGA”

ESPACIOS URBANOS DA NOVELA
DE EDUARDO BLANCO AMOR



o clube

ALFONSO ALEXANDRE BOVEDA



CONCELLERÍA DE CULTURA
DO CONCELLO DE OURENSE

Ourense, universo literario

Ourense é unha cidade fortemente literaturizada. Moitos foron e son os autores que crearon ó redor da urbe das Burgas o seu espacio literario. Xa na Idade Media, Afonso X falara nunha cantiga de escarnio do “boo viño da cidade d’Ourens”. No Rexurdimento do XIX, das tres grandes figuras -Rosalía, Pondal e Curros- só este último aparece ligado a lugar no que axiña adquirirá importancia Valentín Lamas Carbaljal como epígono dun movemento ó que dotará de continuidade a través dos seus órganos de expresións (El Heraldo gallego, O Tío Marcos da Portela...) e mesmo dunha popularísima produción de vocación rural (O Catecismo do labrego) e con aproximacións urbanas como “Os graxos da Burga”. Pouco despois, outros escritores como Heraclio Pérez Placer e Álvarez de Novoa continuarán ese camiño de literatura cidadá con novos tipos humanos e complicación psicolóxica xurdidos nas zonas de confluencias entre a tradición e a modernidade.

O grande novelista da Xeración Nós, Ramón Otero Pedrayo, de vocación fidalga e rural, construírá parte da súa triloxía Os camiños da vida ó redor da transformación da cidade no tránsito entre a vella sociedade

tradicional e o mundo contemporáneo que agroma ó tempo que dobra o século XX.

Vicente Risco, o ideólogo da Xeración, ensaiará a docencia sobre as liñas novidosas que non debería esquecer a literatura en lingua galega, cando en 1918 escribe unha noveliña na que, desde Ourense, se consegue resucitar a momia de Tutankamón, como é Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros. Outras voltas e revoltas sobre a cidade déixanse ver en O porco de pé, Os europeos en Abrantes, e na súa novela en castelán La puerta de Paja. Cuevillas, aínda que non escribiu novela, deléitanos cos seus ensaios históricos e antropolóxicos de fonda feitura literaria recollidos nas Cosas de Orense e nas súas Prosas galegas, onde sobrancea Cómo naceu a cidade de Ourense. Non estraña pois, que dada a cantidade de escritores e iniciativas que partiron destas terras se alcumase á cidade como “Atenas de Galicia”.

Desde logo, serán moitos os autores que contribúan a facer de Ourense a cidade con máis literatura urbana da Galicia actual: Carlos Casares, Xosé Luís Méndez Ferrín, Francisco Fernández Navar, Manuel Guede...

Entre eles, destaca de xeito moi sobranceiro, Don Eduardo Blanco Amor. Este ourensán comprometido

e polifacético -viaxeiro impenitente, tamén un magnífico fotógrafo- fixo que a cidade tomase vida en cinco das súas obras: A Esmorga, Os biosbardos, Xente ó lonxe, La Catedral y el niño, Los Miedos. Sempre que se fala deste tema, repítese a frase de Rilke que a patria dunha persoa é a súa nenez. A maioría dos escritores fabulan ó redor do Ourense das súas mocidades desde a emigración ou o exilio. Será este tamén o caso de Don Eduardo quen se viu obrigado a abandonar a cidade no ano 1918, cando contaba á penas vinte anos, a emigrar a Bos Aires coa dobre intención fuxir dun servizo militar que o quereda levar á guerra de África, e de encontrar un mundo máis aberto e permisivo para o seu desenvolvemento persoal.

Os Biosbardos é conxunto de sete contos nos que un narrador infantil, aparentemente moi autobiográfico, retrata as xentes da cidade como un auténtico protagonista colectivo.

Xente ao lonxe é unha recreación do Ourense de principios de século e do nacemento das organizacións obreiras, sindicais. Os conflitos xerarán respostas colectivas que enriquecerán ós protagonistas.

Pola contra Blanco Amor creara n'A Esmorga, unha crónica de fortes tensións humanas nas que os actos dos seus protagonistas están marcados

pola impotencia da vontade fronte a outros poderes instintivos, espontáneos ou irracionais. O pesimismo -o home non pode facer nada por superar o seu fado- marcará de xeito absoluto o desenvolvemento da obra.

Estructuralmente tamén é unha obra sobranceira. Crúzanse varios planos espacio-temporais que se corresponden coa intención do escritor de reconstruír os sucesos, a declaración do Cibrán perante un xuíz sen voz, e o curto período de tempo no que acaeceron os sucesos que dan lugar á novela. O argumento xira ó redor dun protagonista que non se pode arrepór a dous amigos que o afastan das súas febles intencións de reforma e o levan nunha atolada esmorga durante un día e unha noite enteiros, nunha fuxida permanente da responsabilidade e da xustiza, e que acaba coa morte de dous deles, O Bocas e o Milhomes. O terceiro, quen reconstrúe a historia, o Cibrán, acabará morrendo tamén de xeito tráxico e difuso, final da obra.

Os espazos xeográficos que percorren os protagonistas -e nos que o Clube Alexandre Bóveda colocou as placas cos fragmentos das obras- sitúanse no que daquela era o Ourense suburbial, entrando na parte fidalga e burguesa de xeito ocasional.

*Eduardo Blanco Amor naceu en Ourense en 1897, nunha cidade que á penas sobre-
pasaba os dez mil habitantes e que tiña
unha fortísima fasquía rural.*

Foi, polo abandono do pai e outras circunstancias persoais, nas súas propias palabras, un *nenó triste nun pobo triste*. De adolescente colabora no xornal *El Diario de Orense* antes de emigrar en 1918 a Bos Aires. Desde alí, continúa o seu autodidactismo pero mantén unha intensa relación epistolar e de colaboración con Vicente Risco nos tempos da *Irmandade Nacionalista Galega*. Escritor de poesía antes da guerra, publica en 1921 *Romances galegos* e en 1931 *Poemas en catro tempos*. En 1923, e con outros galeguistas como Ramiro Illa Couto, editan *Terra* voceiro nacionalista moderado no Río da Prata. En 1929 viaxará a Galicia como correspondente de *La Nación*, e trabala amizade con destacados galeguistas e volve en 1931 á Arxentina. Dous anos despois, de novo como xornalista enviado en España, vive a efervescencia ilusionada da República e trabala amizade con Federico García Lorca, a quen axuda como diccionario vivente, xunto con Ernesto Guerra Dacal, na redacción dos seus *Seis poemas galegos*. Lorca, agradecido, encárgalle a Blanco Amor a edición dos mesmos e a elaboración do prólogo que os precede.

Pasa a guerra civil e a post-

guerra en Arxentina trabala-

llando pola causa da demo-

cracia e en íntima relación

coas intelectualidades arxen-

tina e galega exiliada.

En 1959, e logo de problemas coa censura española que impediron que saíse en Galicia publicada, ve a luz en Bos Aires *A Esmorga*. En 1962, á súa volta a cidade de Ourense, publica *Os biosbardos*. Ó mesmo tempo, en México *Seis farsas para títeres* -divertimentos teatrais de cara á construción dun teatro popular galego no que estaba empeñado en Bos Aires-. En 1972 publica *Xente ó lonxe*.

O serán do chuvieiro día 4 decembro de 1978 pronunciará o discurso final da manifestación unitaria a prol da Autonomía de Galicia, desde o palco da Alameda de Ourense, no que habería de ser un dos últimos actos de recoñecemento popular e colectivo de parte da cidade que o vira nacer. Uns meses despois morrería en Vigo.

ESQUEMA ESPACIAL DA NOVELA

Capítulos	Lugares
Primeiro	Preto do Mesón da Cristalina Taberna da Tía Esquilacha Paseo por Ponte Pelamios, a Barbaña e a Burga
Segundo	Xardín dos Andrade Xunto ao cano grande da Burga Pasan o Barbaña Atallan por Saltodocán Pazo dos señores do Castelo
Terceiro	Porta do Aire Fonte de San Cosme Ferreiría Casa da Monfortina Calexón da Pena Vixía Porta da Santísima Trindade Casa da Nonó Praza do Correxidor Rúa de Crebacús Rúa dos Fornos Rúa da Estrela Rúa do Tecelán Rúa do Instituto Igrexa de Santa Eufemia Fonte do Rei
Cuarto	Mesón do Roxo Estrada de Trives A Travesía Preto da Praza Maior Alameda Calexón da Burga Casa dos Andrade Preto da Estación
Quinto	Estación Ponte Maior Finda do Abade das Vellas Campo das Bestas

"Conque seguía a caer aquela chuva acoriscada que facía máis mesto o bafo a se soerguer da auga quente do lavadoiro grande da Burga".



"Ao chegar ao calexón de Pena Vixía, o Bocas ordeou: Temos que nos asoparar".



"Ao chegar perto do Posio, entramos na taberna da tía Esquilacha, onde pararan tamén os tratantes".




"Na fonte de San Cosme bebemos a morro uns grandes grolos de auga da pía, que nos fixo baleirar, de alí a pouco, todo canto tiñamos dentro".




"Cando paramos de correr, aló pola praza do Correxidor, oíronse no reló da Catedral as badaladas de media noite".





As citas proceden da edición de
«A Esmorga», Galaxia, 1983,
nas páxinas que seguen (pola orde en que se citan):
páxs. 32, 57, 76, 83, 94, 101.

Posio, entramos
lacha, onde
tratanter".



"Logo fomos dar á Fonte do Rei onde mexamos na pía, con licencia de vostede".



"Conque ao chegar perto da Praza Maior, oíronse as tres da mañá, no reló da Catedral.

A xiada estraba as rúas e mais os tellados".



"Cando pasamos pola Lameda aínda se vía o relustro do lume do pazo, que me desacougou moito velo, pois xa se me tivera esquecido."



Placa colocada na Rúa Eduardo Blanco Amor nº 11 no barrio das Lagoas

Deseño da cerámica: **Manolo Figueiras**
 Textos: **Afonso V. Monxardín**
 Selección de citas: **Marcos Valcárcel**
 Esquema espacial da obra: **Manuel Forcadela**
 Realización da cerámica: **Xesús Costa e Xoán Torres**
 Idea: **Clube Cultural Alexandre Bóveda**
 Maqueta: **X.L. Vázquez & N.C.**
 Dep. Legal: